



CADERNO PEDAGÓGICO

para institutos

**TODAS
TEMOS
A MESMA
HISTORIA**

de Darío Fo &
Franca Rame

TODAS
TEMOS

A MESMA
HISTORIA

de Darío Fo &
Franca Rame

Un espectáculo producido por



Un espectáculo distribuido por



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Concello
de Pontevedra



escena Galega

ÍNDICE

N.º DA COMPANHIA **5**

PRESENTACIÓN **6**

**OBXECTIVOS E
COMPETENCIAS** **7**

SINOPSE **9**

**O SEU VALOR
NAS ESCOLAS** **10**

OS AUTORES **11**

CONTEXTO **12**

EQUIPO **13**

**ANTES DE VER
A FUNCIÓN** **15**

**DURANTE A
FUNCIÓN** **16**

**DESPOIS DA
FUNCIÓN** **17**

**PROPOSTAS DE
ACTIVIDADES** **18**

PECHE **20**





Hº DA COMPAÑÍA

LaGriot'te é unha compañía galego-andaluza fundada e dirixida por o xestor cultural e director de escena Nazan L. Bamio e a actriz de teatro físico e directora de movemento Sandra Gade.

O nome da compañía non é trivial. A súa orixe resulta dunha homenaxe ás dinastías familiares de Griots existentes en África. O Griot ou A Griot é a persoa encargada de manter viva a cultura e tradición do pobo ao que pertencen. Esta figura era a responsable de lembrar, e deste modo manter vivos, tódolos poemas, cancións, historias, lendas... que sucederan nun lugar. Un lixeiro esquecemento e o pobo quedaría ferido de por vida ao desprenderse da súa historia un anaco que lle pertencía.

Un teatro que non esquece para recordar as raíces do noso presente.

RECOÑECEMENTOS

- 1º premio do público no FestelOff (Festival de Teatro en Londres)
- 3º premio do xurado no FestelOff (Festival de Teatro en Londres)
- Obra seleccionada no Festival SURGE Madrid 2021
- Residencia artística en espazos escénicos no territorio nacional 2021 INAEM
- Actuacións ao longo do panorama nacional e internacional: Andalucía, Comunidade de Madrid, Castilla y León, La Rioja, Extremadura, Londres, Alemaña...
- Axuda á creación AGADIC 2024



Este caderno pedagógico ofrece orientación metodolóxica e propostas educativas para traballar a obra 'Todas temos a mesma historia' con alumnado de segundo ciclo de ESO e bacharelato. A súa finalidade é facilitar a preparación previa, a observación durante a función e o traballo reflexivo e creativo posterior.

Aquí atoparás preguntas, exercicios e actividades creativas para desfrutar máis da experiencia e comprender mellor o que vas ver.

A través das historias de Maruxa e Meri (avoa e filla), o espectáculo percorre dúas xeracións que loitan, cada unha á súa maneira, contra os límites que a sociedade lles impón.

PARA QUE USALO

A finalidade deste material é:

- Axudar ao profesorado a preparar o grupo antes da función.
- Propoñer reflexións e actividades que vinculen teatro, sociedade e igualdade.
- Fomentar o pensamento crítico, a empatía e a creatividade escénica do alumnado.

OBXECTIVOS

'Todas temos a mesma historia' está creada cunha serie de valores que a fan encaixar en distintas programacións como:

- Comprender a evolución histórica do papel da muller na sociedade española.
- Reflexionar sobre discriminación, igualdade e roles de xénero.
- Fomentar o pensamento crítico mediante o humor e a sátira.
- Desenvolver competencias comunicativas, expresivas e escénicas.
- Promover a análise de textos dramáticos e a participación activa.

• **Competencia cidadá:** análise das relacións sociais, igualdade e dereitos.

• **Competencia lingüística:** comprensión e produción de textos orais e escritos en galego.

• **Competencia cultural e artística:** lectura dramatizada, expresión corporal.

• **Competencia persoal e social:** xestión emocional, empatía, diálogo.



S I N O P S E



Todas temos a mesma historia é un espectáculo teatral composto por monólogos que dan voz a mulleres de distintas xeracións que amosan, con humor e espírito crítico, como a sociedade condicionou a súas vidas ao longo do tempo.

Na primeira parte, coñecemos a Maruxa, unha muller dos anos sesenta atrapada no papel de ama de casa, sometida a unha rutina abafante e a unha relación de dependencia marcada pola desigualdade. A través da sátira, o monólogo revela a normalización da opresión doméstica e a falta de espazos propios para a muller naquela época.

Na última parte, a obra céntrase en Meri, unha muller do novo milenio que vive nun contexto aparentemente máis libre e moderno. Porén, o seu discurso pon en evidencia que moitas das presións do pasado seguen presentes: a necesidade de agradar, a dependencia emocional e os modelos afectivos herdados.

A obra aborda os contrastes ou similitudes entre as dúas épocas afastadas no tempo, permitindo ao público reflexionar sobre os avances logrados e as desigualdades que aínda persisten. O espectáculo convida así a cuestionar se realmente a historia cambiou tanto ou se, dalgún xeito, segue a repetirse.






Todas temos a mesma historia é unha **obra especialmente adecuada para o alumnado de segundo ciclo de ESO e bacharelato** porque aborda, a través do teatro e do humor, cuestións fundamentais para a **formación persoal e social**: a igualdade, os roles de xénero, a liberdade individual e as relacións entre xeracións.

A adolescencia é unha etapa clave para construír pensamento crítico e cuestionar modelos herdados. Esta obra propón unha mirada clara e accesible sobre como a sociedade condicionou —e segue a condicionar— a vida das mulleres, amosando que moitas das situacións do pasado continúan presentes hoxe, aínda que con formas distintas.

A través de dous monólogos correspondentes a dúas xeracións, o alumnado pode **recoñecer experiencias próximas, escoitar voces familiares e establecer pontes entre historia persoal e historia colectiva**. O humor e a sátira, elementos centrais do teatro de Fo e Rame, facilitan a comprensión de temas complexos sen caer no moralismo, convidando á reflexión e ao diálogo.

O teatro, ademais, ofrece unha experiencia directa que fomenta a **empatía, a escoita e a participación activa**. Traballar esta obra na aula contribúe a formar espectadores e espectadoras críticas, conscientes e capaces de reflexionar sobre a sociedade na que viven.




O
S
E
U
V
A
L
O
R
N
A
S
E
S
C
O
L
A
S

**FRANCA RAME e DARIO FO**

Franca Rame (1929–2013) e Dario Fo (1926–2016) formaron unha das parellas creativas máis destacadas do teatro europeo contemporáneo. Xuntos desenvolveron un teatro popular e crítico, profundamente comprometido coa realidade social e política do seu tempo.

Procedentes da tradición escénica italiana, Fo inspirouse na sátira, na farsa e na commedia dell'arte, recuperando o espírito do xogar medieval, mentres que Rame, criada nunha familia de actores ambulantes, achegou unha interpretación directa e unha escrita marcada pola experiencia persoal e pola denuncia das desigualdades, especialmente das que afectan ás mulleres.

Desde os anos sesenta impulsaron un teatro independente, empregando o humor e a ironía como ferramentas de crítica social. As súas obras, aínda hoxe representadas, destacan pola súa vixencia, pola conexión co público e pola defensa da dignidade humana.



CONTEXTO

Autoría orixinal:

Dario Fo e Franca Rame

Tradución:

Carla Matteini

Dirección:

Nazan L. Bamio

Xénero:

Comedia satírica e teatro de denuncia social.

Duración:

1 hora (o coloquio trala función é opcional)

Neste espectáculo recóllense dous monólogos da extensa produción de Franca Rame e Dario Fo do espectáculo 'Tutta casa, letto e chiesa'. Estes monólogos titúlanse 'A muller soa' e 'Todas temos a mesma historia' e están unidos a través da súa temática e posta en escena.

Temas:

- O papel da muller ao longo da historia recente.
- O machismo e a educación patriarcal.
- A sexualidade, o traballo e a independencia.
- O humor como ferramenta de liberación.

A obra amosa a evolución (e as persistencias) da desigualdade a través de dous momentos clave:

1. **Anos 60 – Maruxa:** unha ama de casa encerrada, vítima da opresión doméstica.
2. **Anos 2000 – Meri:** moza emancipada, pero aínda condicionada polos roles afectivos, sexuais e maternais.

TEMÁTICA

EQUÍPO



Texto:

Darío Fo e Franca Rame

Dirección e Dramaturxia:

Nazan L. Bamio

Interpretación:

Sandra Gade

Escenografía e Atrezo:

LaGriot'te

Confección vestuario:

Anabeti

Iluminación:

Manel Millán

Espazo sonoro:


Nazaret López

Fotografía e Vídeo:

Borja Dicha

Distribución:

Culturactiva





ANTES DE VER A FUNCIÓN

Obxectivo: activar o interese, conectar coa realidade do alumnado.

PREGUNTAS PARA O DEBATE:

- Que pensades que significa o título Todas temos a mesma historia?
- Cales credes que son as “cadeas invisibles” que hoxe seguen afectando ás mulleres?
- Pensades que o humor pode ser unha forma de protesta?
- Como afecta a educación que recibimos ás expectativas que temos?
- Pensas que as desigualdades de xénero cambiaron suficiente?
- Que costumes herdamos das xeracións anteriores?
- Poden os medios de comunicación condicionar a educación sentimental dunha época?

ACTIVIDADES:

1. Contexto histórico

Breve revisión das liberdades e situación da muller nos anos 60, 80 e 2000.

2. Contexto artístico

Traballo previo sobre Dario Fo e Franca Rame: o teatro político e satírico.

3. Improvisación “As tres xeracións”

En grupos de tres, cada alumna/o interpreta unha muller dunha xeración distinta. Inventan un pequeno diálogo sobre un mesmo tema (traballo, amor, liberdade, oportunidades, maternidade..)

Reflexión: Que cambia e que se repite?

4. Cartel teatral

Deseñar o cartel da obra antes de vela. Que imaxes ou palabras usarías para representar o que crees que conta?

DURANTE A FUNCIÓN

Obxectivo: crear unha actitude activa durante a representación creando un caderno de análise da obra.

REFLEXIÓN PARA O CADERNO:

- Un momento que me fixo rir:

- Un momento que me fixo pensar:

- Unha situación coa que me identifiquei:

- Algo que me sorprendeu:

- Unha frase que levaría comigo:

Animar ao alumnado a fixarse en:

- Momentos clave de cada monólogo
- Os elementos formais da peza e que nos contan:
 - *Interpretación, espazo, ritmo, obxectos/atrezzo, son*
- Preguntas que xordan

DESPOIS DA FUNCIÓN

Obxectivo: consolidar a experiencia emocional e reflexiva.

PREGUNTAS XERAIS:

- Que sensación tivestes ao saír da función?
- Que historia che impactou máis: Maruxa ou Meri? Por que?
- En que cambiou a situación da muller dende Maruxa ata Meri? Que non cambiou?
- Que cousas aínda quedan por cambiar?
- A que discriminacións ten que enfrontarse Maruxa?
- Que dificultades se atopa María?
- Que podemos mudar todos xuntos para mellorar a situación?

COLOQUIO GUIADO:

- Que arco narrativo segue cada personaxe?
- O humor: dilúe ou potencia a mensaxe?
- Houbo algunha parte que vos incomodou? Por que?

ANÁLISE CRÍTICA:

- Normalización da violencia psicolóxica.
- A sexualidade nas distintas xeracións.

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

1. Entrevista interxeracional:

Realizar entrevistas a tres mulleres da contorna (avoa, nai, amiga...) e crear un pequeno texto teatral con voces reais.

2. Diario de personaxe:

Escolle a unha das personaxes e escribe tres entradas do seu diario.

3. Liña do tempo:

Fai unha liña do tempo comparando o que podían ou non podían facer as mulleres nos anos 60 e na actualidade.

4. Monólogo propio

Cada alumno/a escribe un monólogo breve comezando por: "Todas temos a mesma historia, pero a miña é..."

5. Crear o teu propio teatro

En grupos pequenos, creades unha pequena escena inspirada nun dos temas (Igualdade, liberdade, os roles na familia, a presión social). Podedes representala en clase.



TODAS TEMOS A MESMA HISTORIA

de Darío Fo &
Franca Rame

La
Gioi'te

Esta guía pretende facilitar un acercamiento crítico, creativo e significativo á obra, fomentando espazos de diálogo, pensamento propio e conciencia social nos grupos de secundaria e bacharelato.

O teatro axúdanos a ver o mundo con outros ollos. Aproveita esta experiencia para coñecer outras realidades e tamén para expresarte ti.

“A sátira é a arma máis eficaz contra o poder: o poder non atura o humor, nin sequera os gobernantes que se chaman democráticos, porque a risa libera ao home dos seus medos”

Dario Fo



TODAS TEMOS A MESMA HISTORIA

de Darío Fo &
Franca Rame



LaGriot'te



@lagriot_te



658 689 282 / 675 421 636



producciones@lagriotte.es



www.lagriotte.es

Distribución



info@culturactiva.org
981 58 28 36

VÍDEO*



FOTOS



TEASER



*A representación escolar só incluíra os
monólogos primeiro e terceiro